

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 17 de decembro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral.

O artigo 2 do Decreto 336/1990, do 8 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), dispón que lle corresponde ao secretario xeral, ademais das competencias sinaladas nel, as que lle sexan encomendadas por delegación do director.

A actividade administrativa da EGAP leva consigo unha concentración de funcións arredor do seu director que aconsella, dado o seu volume, recorrer á delegación de competencias no secretario xeral da escola, sen esquecer o debido respecto aos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria e redundante en beneficio tanto da Administración como dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto ás garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exige.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confire o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación.

RESOLVO:

Primeiro.

Delégase no secretario xeral o exercicio das seguintes competencias:

a) O despacho e resolución daqueles expedientes e asuntos de índole administrativa que lle estean atribuídos ao director da EGAP. Queda exceptuada desta delegación a competencia para subscribir, modificar, prorrogar ou deixar sen efecto os convenios de colaboración con outras administracións públicas ou entes de dereito público, así como cos particulares, que outorgue a escola.

b) A autorización e disposición dos gastos relativos á actividade económica desenvolvida pola escola, ata o límite dos créditos autorizados e non reservados á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, e o recoñecemento de obrigas e a ordenación dos pagamentos relativos a eles. Esta competencia inclúe a sinatura dos documentos contables en que se reflicten as correspondentes fases de gastos.

c) A aprobación das contas xustificativas daqueles gastos que teñan a consideración de gastos a xustificar.

d) As facultades que en materia de xestión orzamentaria lle correspondan ao director conforme o previsto no artigo 67 e concordantes do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

e) As funcións que, como órgano de contratación, están atribuídas ao director da EGAP pola lexislación vixente.

f) As facultades que lle corresponden ao director en materia de persoal, agás as reservadas legalmente á competencia exclusiva daquel.

g) As facultades que a normativa en materia de patrimonio lle atribúe ao director da escola.

h) A designación das comisións de servizo, con dereito a indemnización, prevista no artigo 4 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de todo o persoal dependente da escola.

i) A concesión ou denegación das axudas públicas e subvencións convocadas con cargo aos créditos orzamentarios do organismo, a modificación e revogación das concedidas e máis a incoación e resolución dos procedementos de reintegro delas.

j) A disposición de canto concirne ao réxime interno do organismo.

k) Resolver os recursos administrativos de alzada e de revisión cando a facultade de resolución lle corresponda ao director da escola, e mesmo suspender a execución dos actos impugnados.

l) Resolver as solicitudes de revisión de oficio, a declaración de lesividade dos actos anulables e a revogación dos actos de gravame ou desfavorables, segundo o previsto no capítulo I do título VII da Lei 30/1992, e na Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992.

m) Resolver as reclamacións previas á vía xudicial laboral.

Segundo.

A delegación de competencias efectuada nesta resolución comprende tamén a resolución dos recursos potestativos de reposición que se interpoñan contra os actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas.

Terceiro.

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso da delegación de competencias conferida por esta resolución farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Cuarto.

O director da EGAP poderá reclamar, en calquera momento, o exercicio das competencias que son delegadas por esta resolución, das cales quedan excluídas, en todo caso, os supostos previstos no artigo 13.2º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Quinto.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2007.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega de Administración
Pública

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 4 de decembro de 2007, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 035 (auxiliares de arquivos e bibliotecas) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre, convocado pola Orde do 21 de febreiro de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 81, do 27 de abril), pola que se fan públicas as puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de concurso.

En sesión que tivo lugar o día 4 de decembro de 2007, o tribunal nomeado pola Orde do 4 de xuño de 2007 (DOG nº 109, do 7 de xuño), para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 035 (auxiliares de arquivos e bibliotecas) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre,

ACORDOU:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación provisoria da fase de concurso con indicación da puntuación obtida polos distintos aspirantes en cada epígrafe.

Segundo.-De conformidade co disposto na base II.2.2 da convocatoria, contra a baremación os aspi-

rantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2007.

Gabriel Quiroga Barro
Presidente do tribunal IV-B

Puntuacións obtidas na fase de concurso do proceso selectivo para o acceso á categoría 035 (auxiliares de arquivos e bibliotecas) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. Acceso libre.

NIF	Apelidos e nome	Base II.1.1	Base II.1.2	Total
33320612Y	Álvarez Torron, María Luisa	1,25	0,65	1,9
78735423Y	Barros Otero, María del Carmen	0	1	1
32646284S	Bergantiños Pérez, Dolores	8,4	2,25	10,65
32836358V	Broz Maneiro, María Carmen	0	0	0
44810043V	Camino Giadán, Víctor Manuel	0	0,7	0,7
78734831N	Cosque Meira, Ana Belén	0	0,9	0,9
35300188H	Dapena Janeiro, María Teresa		0,5	0,5
32778590W	De la Villa Cabrera, Begoña	2,8	0	2,8
36166085B	Díaz del Río López, Elena	0,3	0,75	1,05
76705118A	Docampo Novoa, Juan José	1,2	1,56	2,76
46912338C	Fernández Cendón, Xisela	2,15	0,1	2,25
44448060P	Fernández Núñez, Amparo	0	0,8	0,8
32804650A	Fernández Santos-Díez, María Débora	0	0	0
76578508P	García González, Eva María	0	0	0
36109423K	Gómez Fuentes, María Montserrat	0	0,1	0,1
44481171E	Gonzalez Solar, Llarina	0	1,2	1,2
34263924L	Guillén Varela, Paula	0	0,1	0,1
33296644G	Iglesias Otero, María Luisa	0	1,2	1,2
36093559C	Lago Román, María Luz	5,25	1,35	6,6
33296930Z	López Gavín, Elena	0	0	0
35323834C	López Mira, Beatriz	8,4	1,25	9,65
32642243E	López Salazar, María Gema	8,4	1,35	9,75
32790026F	López Vallo, Francisco Javier	5,25	0,15	5,4
32628869B	Losada Charlon, Isabel	4,2	2,7	6,9
32687063S	Loureiro Vázquez, Vanesa	0,15	0	0,15
36083953N	Míguez Migueles, María Rosa	2,6	0,2	2,8
3333079F	Morán López, Olga	8,4	0,8	9,2
33315761P	Onega Folgueira, Laura	0	0,8	0,8
03095036H	Paulos Rey, Carlos Martín	0	0	0
32701142H	Ramos Villares, Javier	0,25	0,2	0,45
35460396P	Rey Santiago, María Mónica	0	0,2	0,2
34259130D	Rodríguez Buján, Ana Celia	5,5	2,52	8,02
36109245C	Rodríguez Costas, Hipólito	0	0	0
33297486H	Sanmartín López, Pablo Nicolás	0,3	3,6	3,9
32658525C	Seijas Lago, Mónica	0,3	1,2	1,5
36151448W	Vázquez Fernández, Carlos	0	0	0
32678905E	Yáñez Gato, María	0	0	0

Puntuacións obtidas na fase de concurso do proceso selectivo para o acceso á categoría 035 (auxiliares de arquivos e bibliotecas) do grupo IV persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. Promoción interna.

NIF	Apelidos e nome	Base II.1.1	Base II.1.2	Total
44082594N	Ares Corbacho, Ana Belén	0,66	0,1	0,76
34922577K	Caride Fraga, Isabel	3,6	0,3	3,9
36067738N	Dabouza Daparte, Concepción	1,62	0,1	1,72
78797114B	García Patiño, María del Pilar	0,48	0	0,48
36029828Y	Germiñas Miguens, María Carmen	3,68	0,15	3,83
34869523M	González Álvarez, María Inés	2,5	0,2	2,7
76861663X	Iglesias Treviño, María Matilde	0,86	0,25	1,11
35299606B	López Lagos, Mercedes	3,7	0,2	3,9
76407153A	Loureiro Gómez, Josefa	2,1	3,6	5,7
35303722X	Mosteiro Riveiro, María Isabel	0,96	0	0,96
33313045Y	Neira Sinde, María Ángeles	0,54	0	0,54
33259739Z	Rodríguez Vaamonde, Ángel Antonio	3,52	0,2	3,72